

EXERCICIO DE SINTAXE DE LINGUA GALEGA 4 ESO

CLASIFICA AS SEGUINTES ORACIONS COMPOSTAS EN COORDINADAS (INDICA TIPO), XUSTAPOSTA, SUBORDINADA SUBSTANTIVA (SUXEITO, ATRIBUTO, CD, CI, SUPLEMENTO, MODIFICADOR), SUBORDINADA ADXECTIVA DE MODIFICADOR, SUBORDINADA ADVERBIAL (CCL, CCT, CCM)

EXEMPLO

Antía colleu o móbil que estaba enriba da mesa

ORACIÓN SUBORDINADA ADXECTIVA DE MODIFICADOR

**NON POÑADES ABREVIATURAS.*

1. Ela foi ao parque cando rematou a clase.
2. Antón engadiu sal ao caldo que estaba facendo.
3. Que fales tan alto é bastante desagradable.
4. Considero que debes ter uns oito anos.
5. Non me gusta levar a mochila ao colexio.
6. Arranxamos o xardín como nos indicou o veciño.
7. Ás veces teño medo e non saio á rúa.
8. A María vírona no mercado que está na vila.
9. Algúns cidadáns queixáronse de que non recollían o lixo.
10. Parece mentira que sexas meu irmán.
11. Todos quedaron parvos cando llelo dixen.
12. Eles leron o xornal pero non entenderon nada.
13. Manuel está farto de que lle manden mensaxes.
14. Falou a vaca e dixo mu.

15. Antes que comer, lava os pratos.
16. Levántate, recolle, limpa.
17. Importa moito que estudes.
18. Fai os deberes que che mandei.
19. Andrea irá á praia onde collestes as cunchas.
20. Andrea irá á praia mentres ti dormes.